

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na Sesi3n Plenaria do 06/03/2024

Data	29/11/2023		
Lugar	Seminario 5.3, Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo”-UNED. Pranta 5ª, Avda Beiramar nº 59.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:05h
Asisten	• Presidente, Mª Olga Alonso Suárez • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: • Patricia Pereira Fernández • Santiago Rodríguez Sánchez • Xoan Xosé Santos Costa • Mª Isabel Lago Schramm - Sector usuarios/as: • Mª Bertila Fernández Pérez • Yolanda González Larrañaga • Joel Covelo Gallego - Sector social: • Pilar Álvarez Rey • Juan Ramón Castro Cota • Enrique Alonso Rodríguez • Óscar Álvarez Gallego • Isabel López Lorenzo • Antonio Vázquez Vázquez		
Escusan asistencia	• Sector docente: Raquel Carballo Coello • Sector docente: Miguel Ángel López González • Sector docente: José Manuel Pérez Rodríguez • Sector docente: Yolanda Benito de Tapia • Sector usuarios: Pedro Xosé Castañón Valls • Sector social: María Aurora Alonso Sáenz de Miera		

	• Sector social: Antonia Céspedes Balongo
Non asisten	• Sector docente: Leonor Gala Torres Sabín • Sector docente: Jose Manuel Pérez Rodríguez • Sector usuarios: Iria Salvande Lorenzo • Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira • Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea • Sector social: Eladio Fernández Pérez • Sector social: José Álvarez Carpintero
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Aprobación da Memoria anual do curso 2022-2023
- 3.- Informe da Presidencia do CEMV
- 4.- Plans de Traballo das comisións de traballo do CEMV para o curso 2023-24
- 5.- Propostas de mocións:
 - 5.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a saúde mental
 - 5.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a incorporación de novos perfís profesionais á escola pública.
 - 5.3.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a convivencia no CEMV
 - 5.4.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre os equipos de orientación nos IES.
 - 5.5.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de arranxo do patio da EIM Mestres Goldar.
 - 5.6.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación

Educativa sobre o transporte escolar no IES Coruxo

5.7.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a calefacción do IES Alexandre Bóveda.

5.8.-Moción de Pedro Xosé Castañón, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a falta de conserxes.

5.9.-Moción Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as bolsa de comedor dos comedores xestionados polas ANPAS.

5.10.-Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dun mapa escolar galego.

5.11.-Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o IES de Navia.

5.12.- Santiago Rodríguez Sánchez, conselleiro polo sector docente, CIG-E, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a mellora da oferta educativa.

6.- Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

Antes de comezar a Orde do Día, o Secretario dá conta de que houbo un cambio na Presidencia do CEMV despois do último proceso electoral municipal. Agora é M^a Olga Alonso Suárez, a nova Concelleira de Educación, a persoa que ostentará o cargo da Presidencia do CEMV.

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

Corríxese un erro na acta, no apartado de asistencia ao Pleno. O representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez, asistiu ao Pleno do 26 de abril de 2023, pero ao inicio da Acta refléxase que non estivo. Procédese á corrección solicitada e vótase a aprobación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 26 de abril de 2023.

2.- Aprobación da Memoria anual do curso 2022-2023

O Secretario comenta que se trata dun informe no que se dá conta do cumprimento do réxime de xuntanzas e no que se recollen as estatísticas sobre a participación dos membros do CEMV, o resumo dos temas abordados en cada xuntanza e o resumo dos acordos que se

toman en sesión plenaria.

Destaca os datos sobre a participación, o quórum das sesións plenarias non chega nin ao 40%, estando ao límite para que se consideren validamente constituídas. Informa de que durante este curso se vai proceder á renovación do órgano colexiado e que agarda que se poida incentivar a participación.

Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar a Memoria anual do curso 2022-2023.

3.- Informe da Presidencia do CEMV

A Presidenta comeza a súa intervención dando conta de que houbo outro cambio na composición do CEMV. Patricia Pereira Fernández, representante de CCOO no sector docente pasa a ocupar o cargo de a Enma Iglesias Arbor.

A seguir comenta que se sente moi orgullosa de poder volver a participar neste importante foro onde se reúne toda a comunidade educativa do Concello de Vigo. Agradécelle aos presentes a súa participación, e comenta que merece a pena traballar para que este Consello teña a máxima participación posible, e para que toda a comunidade educativa estea representada. É dos poucos Consellos Escolares Municipais que segue a funcionar, e esta cidade merece ter un órgano coma este, activo. Así que lle agradece a todos a súa implicación e ánimo a que sigan participando.

A Presidenta comeza informando de que o orzamento da Concellería de Educación tivo unha subida este ano do 11%, son 24,2 millóns de euros. Unha parte moi importante dedícase ao mantemento e conservación dos centros educativos da cidade; partidas de limpeza, combustibles, vixilancia, reparacións,...

En canto ao Programa de Vigo en Inglés comenta que a primeiros de novembro remataron os que foron nese ano. A valoración foi moi positiva, a pesar de que eran uns 900 alumnos/as. Tamén volveron os bolseiros da EOI das súas estadias no estranxeiro. Comenta que as incidencias que se puideron producir durante as estancias se foron solucionando e que en liñas xerais o balance foi moi positivo. Explica que neste momento se está facendo a nova licitación, e esta licitación supón un aumento no custo por praza. Ata agora estíbese pagando 2400€/por praza pero coa subida de prezos non chega, co que se vai facer a licitación por un importe bastante superior. Seguirán sendo as mesmas prazas, 925, pero a partida vai ser maior. Explica que este ano pasado houbo alumnado que quedou en lista de agarda. A ese alumnado prometéuselle que irían no seguinte ano, co que se está a traballar para poder mandalos. Pero isto é algo excepcional, porque vendo a subida de prezos, non se vai poder pasar das 925 prazas. Yolanda González pregunta se na nova licitación se prevé que o alumnado poida ir en parellas como se fixo nese ano ou se volverá á modalidade de que cada neno vai só cunha familia inglesa. Olga Alonso explica que debido ao parón

causado pola pandemia e á guerra de Ucraína, houbo que introducir uns cambios no programa, xa que non había dispoñibilidade de tantas familias de acollida. Así houbo por exemplo que mandar 2 alumnos xuntos ás casas en vez de un, outros tiveron que ir a centros residenciais. E sendo cambios aos que se viron obrigados, puideron comprobar que eran opcións que funcionaron moi ben, a valoración foi moi boa. Moitos alumnos incluso se senten mellor ao non ir sos, séntense máis apoiados, e os que estiveron en internados viñeron moi contentos. Iso é abrirse a posibilidades que poden funcionar ben, así que se valorará introducir este tipo de cambios na nova licitación. Aproveita para dicir que o equipo do departamento de Educación traballa moi ben para que todo funcione e a empresa que leva sendo anos adxudicataria está dando resposta inmediata a cada problema que poida xurdir, o cal é de agradecer.

No que se refire ás EI, lembra que se vai por en marcha a EI da praza da Industria. A idea é intentar no inicio do próximo ano dotala e que poidan incorporarse xa os nenos e nenas no próximo curso. O mantemento das 9 Escolas Infantís Municipais e as Escolas artísticas tamén supoñen unha porcentaxe importante do orzamento. Outra partida importante é a UNED, nas instalacións do Mar de Vigo e o convenio con FOANPAS que son 640.000€.

Aparte de todo isto, tamén hai unha partida importante que se destinou xa no curso pasado e se repite neste que son unhas axudas directas de 205€ por alumno, que se destinan a todas as familias que teñen alumnado de ensino obrigatorio. Explica que neste momento se está en proceso de presentación de solicitudes. Este ano incluíuse como novidade ao alumnado da FP Básica, que como ensino obrigatorio non debía quedar fora, e tamén a tódolos nenos e nenas vigueses que están escolarizados noutros Concellos. O ano pasado foi un proceso longo, foron máis de 24.000 solicitudes, e este ano agardan que sexan máis as solicitudes. Para tratar de axilizar o proceso pode facerse desde a web Municipal pero tamén teñen a unhas persoas no departamento dedicadas a este procedemento.

Ademais do exposto a Presidenta comenta que se acaban de vivir unhas semanas de temporais e moitas choivas e que houbo problemas en 4 centros, con caídas de muros perimetrais. Hai un, o CEIP Igrexa Valadares no que xa se actuou e faltaría actuar nos CEIPS A Doblada, Mestres Goldar e Mosteiro Bembrive, e tratarase de solventar canto antes.

Olga Alonso explica que hai unha parte das reparacións dos centros que se fan coa colaboración do programa Vigo Emprega, da Concellería de Emprego. Así explica que poden aforrar e chegar a máis centros, a Concellería de Educación pon os materiais e a de Emprego o persoal. Esas persoas teñen un contrato determinado e ademais están formándose. Co cal, cando se lle ofrece a un centro educativo facer unha obra con cargo a este programa, explícase esta circunstancia, para que saiban que as obras van ir a un ritmo máis lento que se se fixeran cunha empresa contratada, porque ao fin e ao cabo é persoal que está aprendendo. Por esta circunstancia ás veces pasan cousas como o que lle pasou ao

CEIP Otero Pedrayo onde se comezou a facer os baños de infantil, pero acabou o contrato de Vigo Emprega en xuño sen que se puidera rematar a obra. A idea é que coa nova edición, para a que se está agora seleccionando ao persoal, se vaia a rematar esta obra. Pero o certo é que isto supón unha clara molestia para o centro, que non ten os baños da aula de infantil en funcionamento.

4.- Plans de Traballo das comisións de traballo do CEMV para o curso 2023-24

Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa:

Santiago Rodríguez presenta o Plan de Traballo que vai na liña dos cursos anteriores:

Esta comisión seguirá a traballar, desde a reflexión colectiva e procurando o máximo consenso, na resolución dos principais problemas e necesidades dos centros e da comunidade escolar, e que prexudican a todo o conxunto e especialmente ás partes máis vulnerables. Pénsese na desatención, e neglixencia nalgúns casos, que supoñen as faltas ou deficiencias en equipamento, infraestruturas, recursos humanos, organizativos, etc. e que son o obxecto desta comisión. As grandes eivas xa foron diagnosticadas e analizadas por esta comisión e contan con resolucións aprobadas polo Consello Escolar Municipal. Outras, menores mais importantes, van xurdindo de necesidades detectadas ao longo do curso. A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa seguirá a insistir na necesidade de que se acometan as actuacións precisas para:

- A creación dun IES en Navia.
- A actualización da zonificación escolar.
- O mantemento, mellora e ampliación da oferta escolar nas súas diversas etapas e modalidades.
- A mellora, ampliación e asunción dos servizos complementarios, nomeadamente comedor e transporte.
- As melloras necesarias nas infraestruturas educativas, incluíndo a súa renovación, conservación, mantemento e limpeza, así como nas súas contornas.
- Garantir a existencia de conserxes e tódolos centros educativos da cidade.

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Bertila Fernández presenta a seguir o Plan de Traballo da Comisión Pedagóxica:

O plan de traballo da Comisión Pedagóxica do CEMV vai seguir a liña do traballado ata o de agora, tendo á convivencia como faro do traballo que realicemos. Esta é unha aposta de futuro, pero tamén de presente, aquí e agora.

A convivencia na comunidade educativa na nosa cidade ten que ser referente para outras comunidades, sempre dende a actividade, o respecto e o compartir experiencias, reflexións e ideas. Temos que ser parte activa non só do CEMV, senón tamén das nosas comunidades, das nosas organizacións, dos nosos grupos, das nosas barriadas... Só así seguiremos camiñando cara a un futuro educativo inclusivo, digno e de calidade.

Levaremos a cabo algunha actividade ou acto sinxelo co que seguir incidindo na convivencia e na prevención de todas as situacións adversas coas que se atopan as crianzas (acoso, ciberacoso, prevención do suicidio, etc.).

A Comunidade Educativa da nosa cidade sempre foi un referente e un motor en Galicia.

Moito ánimo e poñámonos a traballar nesta liña, sen medos e dando pasos firmes sen présa pero sen pausa.

Bertila Fernández incide en que a convivencia na Comunidade Educativa é esencial, familias, centros educativos, administracións, todos forman un equipo e se a convivencia é boa o grande beneficiado é o alumnado. Todos deben estar a unha, cada un desde o seu lugar, respectando as súas competencias, e non ter medo ao diálogo, e non ter medo a expor a situación tal cal é na realidade. Estanse a vivir momentos moi complicados, con circunstancias tan difíciles como o aumento dos suicidios ou de pensamentos suicidas por parte dos menores, e non se pode culpabilizar ás familias, nin aos centros educativos, nin á administración, pero é obvio que deben traballar de forma conxunta, é fundamental o entendemento. Todos teñen unha parte activa na educación e a convivencia positiva é necesaria. Remata recalcando que están a tempo de traballar unidos, e nesta cidade máis que se conta con este órgano que ten un gran recorrido e non se pode deixar perder.

Plan de Traballo da Comisión do alumnado:

Neste novo curso 2023-24 vamos a seguir traballando en temas como o problema do transporte que o alumnado de bacharelato leva a sufrir varios anos, e seguiremos a manter xuntanzas que permitan lograr unha solución

Aínda así, imos centrar os nosos esforzos en renovar esta comisión, e na celebración de eleccións para renovar os representantes. Para empezar, o mércores 15 de novembro reunímonos con alumnado representante dos consellos escolares dos centros de secundaria da cidade. Nesta xuntanza presentámoslles o que é o CEMV, o que facemos nel e escoitaremos ideas e propostas que nos transmitan. Pero o máis importante será crear con eles un grupo de traballo funcional, para traballar nas propostas que xurdan nesta reunión e axudalos a que logo poidan presentar as súas candidaturas a este órgano colexiado e conformar a Comisión do alumnado futura.

Por outro lado, e sen esquecer, gustaríanos seguir atendendo aos problemas de saúde mental que cada ano se incrementan nos alumnos, e tratar conxuntamente co resto das comisións este tema, apoiándoas no que sexa necesario, intentando mellorar a saúde do alumnado da nosa cidade.

Ademais de todo isto, atenderemos a todas as peticións que nos acheguen, e presentaremos as mocións que correspondan.

A Presidenta aproveita para agradecer a Joel a súa participación neste órgano e tamén para

felicitalo por ter a iniciativa de facer esa xuntanza cos alumnos, na que ela estivo presente e que a participación foi moi boa. Agradécelle igualmente o seu compromiso, explicando con todo detalle ao alumnado asistente como funcionaba o CEMV, recollendo as súas propostas e animándoos a participar neste Órgano Colexiado. Di que a pena é que case todo o alumnado que participou, que é o máis implicado, xa son alumnos que están nos últimos cursos, e moitos non van poder presentarse. Lembra que xustamente o problema que teñen coa participación do alumnado no CEMV é ese, que segundo fan anos teñen que abandonar o Órgano xa que rematan os seus estudos de secundaria.

A Presidenta quere ademais facer unha reflexión acerca dos Plans de traballo. Di que cando estes se van lendo ano a ano parece que sempre se vai traballando no mesmo, pero a verdade é que eses son os temas importantes e é nos que hai que traballar, ano a ano. É unha actividade que nunca remata, e aínda que pareza que os mesmos temas é algo tedioso, a realidade é que é importantísimo seguir traballando nestas cuestións, e en tódolos novos asuntos que se poidan introducir, pero que estes en concreto que expuxeron, convivencia, zonificación, a mellora nas infraestruturas, a defensa do ensino público,... son todo temas capitais.

5.- Propostas de mocións:

5.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a saúde mental

ANTECEDENTES

Nos últimos anos, dende FOANPAS levantamos a voz para poñer de manifesto a inqueda que nos producía e nos produce o estado da saúde mental das nosas crianzas. Para nós nunca foi un tema tabú e temos claro que o que non se nomea, non existe e se non existe non se atalla, nin se inviste, nin se coida, nin se mellora.

O pasado mes de marzo, a Fundación SALMA (Fundación para o Coidado da Saúde Mental en Galicia) presentou no Parlamento Galego, co aval de máis de 17.000 sinaturas, unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) a prol da aprobación dunha Lei Galega de Saúde Mental.

A saúde mental “non é un privilexio, ten que estar preto das persoas e debe coidarse dende a infancia”. Estas son algunhas das claves que fundamentan a proposta que foi rexeitada polo goberno galego e que enlazan directamente con esta petición. Porque a meirande parte dos trastornos mentais aparecen antes dos 18 anos e moitos deles mesmo moito antes dos 15.

Traballamos en conxunto con diferentes entidades no acordo pola mellora da Saúde Mental Infanto - Xuvenil de Galicia que ten como meta ofrecer propostas para a mellora dos servizos socio-sanitarios e educativos que participan no coidado da saúde mental

dende unha visión integral da mesma. A súa vocación é a de promover un gran consenso entre a sociedade civil e a gobernanza en todas as súas escalas, especialmente entre os axentes dos eidos sanitario, educativo, social e familiar que estean implicados directamente no traballo diario coa infancia e coa mocidade.

Non debemos, non podemos esquecer que “non hai saúde sen saúde mental”.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se implemente un plan de saúde mental para a toda a poboación en xeral e con atención especial á poboación escolar.
- Que se invistan máis recursos no coidado da saúde mental, tanto a nivel sanitario como educativo, incidindo na prevención.

Bertila recalca que se necesita moito máis investimento en materia de saúde mental. Precísanse plans de acción, acompañamento a familias, docentes pero tamén para o alumnado que están a vivir circunstancias moi duras, con moitos problemas de saúde mental: pensamentos suicidas, acoso, TCAs, pornografía,... Necesítanse recursos xa que o perfil da escola mudou e as problemáticas que se dan nos nenos e nenas tamén mudou. As necesidades son outras, e a pandemia aínda agravou máis as circunstancias, así que a administración ten que dar os pasos necesarios para adaptarse a elas.

Olga Alonso comenta que desde o Concello están a dar pasos. Explica que se puxeron en contacto con eles desde a Fundación Salma e que se están programando diferentes accións. Di que xa se fixeron unha que foi unha Xornada na que se voaron papaventos pola saúde mental en Samil, co fin de visibilizar esta problemática. Explica que ademais, xa neste curso, se está a desenvolver un programa da Fundación Salma en colaboración co Concello, un concurso no que os escolares fan diferentes traballos co obxectivo de visibilizar a saúde mental, destinado a tódolos niveis. As clases gañadoras viaxarán a Cíes e ademais levarán un lote de libros relacionados coa temática proposto por Salma, para que se poida traballar dentro da aula.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a saúde mental.

5.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a incorporación de novos perfís profesionais á escola pública.

ANTECEDENTES

Dende FOANPAS levamos varios anos reclamando un salto cualitativo cara a unha educación pública inclusiva e de calidade para todos e todas, na que non se realice distinción algunha en razón de procedencia, cor, sexo, lingua, relixión, diversidade funcional, diversidade física, diversidade intelectual, orixe social ou calquera outra condición.

A escola é un reflexo do que sucede na sociedade e a complexa situación actual obriga a dar respostas adaptadas ás necesidades das crianzas. E o profesorado non está formado nin dispón do tempo e as ferramentas precisas para facer fronte a todas as demandas.

É o momento de abrir a escola a novos perfís profesionais que enriquezan a educación e a vida das crianzas, favorecendo o seu desenvolvemento físico, psíquico, emocional e social.

Na escola teñen cabida profesionais da enfermería escolar (realizando intervención sanitaria e prevención en educación para a saúde e educación sexual), da educación social (levando a cabo programas de convivencia ou prevención do acoso), da terapia ocupacional e da fisioterapia (mellora na accesibilidade e psicomotricidade), da psicoloxía escolar (programas de educación emocional), do traballo social (atallando situacións familiares e sociais complexas), intérpretes en lingua de signos (reforzando a comunicación) entre outros perfís.

Deixemos que o persoal docente desenvolva a labor para a que está formado, sen cargas extra de burocracia e tarefas para as que non ten a suficiente preparación. Aproveitemos os novos programas e proxectos da Xunta para ir incluíndo novos perfís profesionais que van repercutir nunha mellora do ensino, da convivencia e do benestar de toda a comunidade educativa.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se traballe na incorporación de novos perfís profesionais na escola para enriquecer e mellorar a vida e a saúde das crianzas, incidindo no seu desenvolvemento e benestar.

Esta moción vai en relación co que se comentaba antes, as problemáticas e circunstancias van cambiando e fai que sexa necesario que se introduzan novos perfís profesionais. Santiago Rodríguez comenta que como xa se dixo moitas veces neste Consello, non ten moito sentido que a Xunta, que fai cada ano unha convocatoria para que os centros de ensino concertado contraten estes perfís, logo non considere que sexan necesarios nos centros públicos. Jose Ramón Castro di que non ten constancia de que esta convocatoria exista e Antonio Estévez di que el tampouco coñece que exista unha convocatoria para contratar novos perfís profesionais. O que si hai é unha axuda, non moi grande, para que os centros concertados contraten orientadores, que é unha figura que non teñen. Santiago di que fai referencia a tódolos perfís profesionais que se nomean nesta moción e que por moi

pouco diñeiro que sexa, o ilóxico é que se vexa a necesidade no ensino concertado pero non nos centros de ensino público. Olga Alonso di que hai perfís que son imprescindibles, que os docentes ás veces teñen que asumir cousas para as que non están preparados, por exemplo se tes un alumno en alerta escolar, explícanlle aos docentes que se hai un problema teñen que pinchalo,... e esa responsabilidade non debe recaer sobre o equipo docente.

Isabel López comenta que se podía retomar algo que se facía antes, que os centros chegaban a un acordo cos centros de saúde próximos para que enfermeiros vaian ao centro a por exemplo dar charlas sobre saúde, alimentación, sexualidade,... ou para atender casos especiais que acudan un ou dous días á semana.

Bertila Fernández comenta que todo o que se faga é bo, pero que cando está en xogo a saúde dos nenos, é a Consellería de Educación a que ten que tomar medidas e implementar estes novos perfís nos centros educativos de toda Galicia. Antonio Vázquez comenta que o que se lle pide á escola, aos docentes, é que fagan fronte a unha problemática nova, a unha serie de circunstancias que non existían fai 20 ou 30 anos, pero sen darlles recursos. O que fai a administración é cargar máis responsabilidades sobre os docentes que non son as súas funcións. A única maneira de solucionar isto é introducir no sistema educativo novos perfís profesionais que poidan atender a estas novas circunstancias. Estamos nun mundo moi cambiante, internet, a intelixencia artificial,... e todo isto vai acabar incidindo como é normal sobre a escola e vanse dar circunstancias novas para as que hai que estar preparado, con profesionais especialistas, e non debe mirarse para outro lado. Santiago Rodríguez recalca que se se fai unha función non se pode facer outra. Aínda que teñan en conta, e deben telos en conta, os problemas de saúde mental que van xurdindo entre o alumnado e entre o profesorado, non teñen as ferramentas para atallalos porque non é a súa profesión, e que claramente isto ten que ser atendido por profesionais especializados. Juan Ramón Castro comenta que ademais o que non pode pasar é que un rapaz que precise consulta psicolóxica teña que esperar por unha primeira consulta meses, porque hai moitas familias que non se poden permitir unha consulta de psicólogo privado. Bertila Fernández di que moitas familias con nenos con pensamentos suicidas lles din que teñen que ter aos nenos cun control diario de 24 horas, pero a realidade é que as familias teñen que traballar, os docentes non poden estar enriba dos rapaces todo o tempo, e as consultas médicas son moi espaciadas, se é que as hai, entón que se pode facer? Juan Ramón Castro comenta que no seu caso xa nin ten persoal que poida dedicarse a controlar a tódolos nenos cos protocolos de suicidio activado. Non están preparados para esta avalancha. Isabel López, pensa que ademais un titor ten que atender a ese alumno que ten o protocolo de suicidio pero tamén a toda unha clase, á que non debe desatender. E o que non pode é cargarse esa responsabilidade, porque ademais se por desgracia un alumno se suicida ese docente vai sentir a culpa para toda a súa vida, cando non debería ser a súa responsabilidade. Pensa que este debate é moi bo, pero hai que tratar de levar isto instancias superiores. Antonio Vázquez lembra que hai un organismo, o Consello Galego da Convivencia, no que están representados entre outros a Consellería de Sanidade e a de Educación, no que se debería

debater esta problemática. Estes organismos están precisamente para isto, e canto máis tempo se tarde en atallar un problema, máis grave será. Igual ata se podería mandar esta moción ao Consello Galego da Convivencia. Non é lóxico que a estas alturas non estea habendo congresos e formacións nas que se estea debatendo este tema e buscando solucións. Estamos indo á remolque dos feitos. Agora xa non se está no momento da prevención, estase no momento da actuación.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a incorporación de novos perfís profesionais á escola pública.

5.3.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a convivencia no CEMV.

ANTECEDENTES

O CEMV é o foro de encontro da comunidade educativa da nosa cidade. Ningún outro encontro ten a capacidade para expoñer as realidades e necesidades que nos preocupan e afectan. Debater posibles solucións e acadar un consenso para trasladar a quen corresponda esa desexada finalidade que non é outra que o ben común.

Debemos ser áxiles e consecuentes para non acomodarnos nas diferencias que suporán puntos débiles no avance dos pasos positivos da convivencia.

Cada unha e cada un de nós acadamos dentro do CEMV a responsabilidade de traballar dende os sectores que representamos, sen esquecer que o diálogo é fundamental.

As imposicións e actividades pechadas son pedras no camiño que debemos evitar. Polo que debemos replantexarnos as dinámicas de traballo e participación activa.

A educación é unha corresponsabilidade de todas nós.

Avanzar ten que ser a preferencia e a motivación cara a sociedade do futuro. As ferramentas para esa construción están nas nosas mans, trasladalas a todas as crianzas ten que ser un feito aséptico e de calidade.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que:

- Traballemos por facer un CEMV forte, dinámico e útil e que o fagamos dende o compromiso, a responsabilidade, o diálogo e a convivencia.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a convivencia no CEMV.

5.4.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre os equipos de orientación nos IES.

ANTECEDENTES

A situación actual do ensino ten mudado nos últimos anos, sendo un reflexo dos cambios sociais e familiares que se produciron. Así, a etapa da adolescencia neste intre ten adquirido outra dimensión, polo que as necesidades, inquiredanzas e conductas tamén teñen mudado.

Unha figura fundamental nos centros educativos de secundaria é a do/a orientador/a. Na nosa cidade, os IES teñen un elevado número de alumnado, pero unha soa persoa á fronte do departamento de orientación. Que un/ha profesional teña que atender a 700 alumnas e alumnos, semella unha misión moi complexa. Rapazas e rapaces en pleno cambio físico, con necesidades emocionais, físicas, sociais e psicolóxicas moi cambiantes e importantes, con circunstancias familiares e socioeconómicas tamén diferentes, con necesidades educativas e apoio educativo...

Como se pode levar a cabo un traballo eficaz con ese volume de incidencias e casuísticas? Como se pode coordinar o traballo dun equipo nesas condicións?

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se dote aos IES cunha persoa profesional da orientación por cada 250 alumnos/as.

Joel Covelo comenta que desde o alumnado están moi de acordo con esta moción. O persoal de orientación dos centros educativos non ten a capacidade física de atender a todo o alumnado. Teñen que orientar sobre estudos orientación laboral, dar apoios, atender a problemas de saúde mental e conflitos que derivan destes, teñen que atender a toda a burocracia que se lles esixe,... e así é imposible que poidan chegar a todo. É por isto polo que se organizaron 2 anos atrás as Xornadas de Orientación no CEMV. É necesario que haxa máis persoal de orientación e por iso concordan plenamente coa Moción de Foanpas. Antonio Vázquez di que chegará un momento no que se teña que separar a orientación profesional da orientación educativa e psicolóxica, porque é imposible abarcalo todo, é un ámbito demasiado amplo. E mais, nos centros de FP, onde debería haber xa esta figura de orientador profesional. Yolanda González di que tendo en conta as circunstancias, que poñan máis orientadores lle parece unha utopía. Comenta que ao mellor podían facer un

programa no que foran polos centros, dando charlas sobre orientación académica, e que con iso xa aliviarían a carga dos orientadores. Xoan Xosé Santos comenta que o que se pide na moción é o mínimo que pide a UNESCO, para tódolos países, sexa cal sexa a súa renda. Non é nada que sexa irrealizable. Olga Alonso, comenta que na xuntanza do alumnado foi un tema que saíu, e que lle dá a sensación de que o que pedía o alumnado non era que se fixeran charlas xerais, senón que cando un ten unha certa inquedanza, puidera acudir a un profesional onde poder expresala e onde lle axudaran a buscar solucións. Joel Covelo, no mesmo sentido, comenta que o que di a Presidenta é correcto, o alumnado necesita unha figura onde acudir, e neste momento é moi complicado acceder aos orientadores, porque non poden atender tanta carga de traballo. Antonio Vázquez comenta que ademais tamén están dando un servizo máis que é o de asesoramento aos seus compañeiros. Os docentes acoden aos orientadores para que lles axuden cando os alumnos lles presentan certas situacións que non son capaces de resolver

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a convivencia no CEMV.

5.5.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade de arranxo do patio da EIM Mestres Goldar.

ANTECEDENTES

A etapa de 0 a 3 anos é das máis importantes no desenvolvemento dunha crianza. A escolarización nestas idades non é obrigatoria, pero cada vez máis, as familias optan polas escolas infantís para deixar as crianzas.

Dada a fragilidade das nenas e nenos de tan curta idade, as condicións nas que se atopen teñen que ser óptimas, para evitar calquera perigo e accidente.

Non sucede isto na Escola Infantil Municipal Mestres Goldar, na que teñen solicitado o cambio de patio dende fai tempo. O chan do actual patio é dos mesmo material que o dos parques infantís e, na actualidade, está en mal estado: está roto, desfaise a cachos, levantado.

Isto supón un perigo para as crianzas que tropezan, caen, golpéanse e teñen feridas. Pero máis grave que isto, é que as nenas e nenos levan as migas do chan á boca, co conseguinte perigo que supón que o traguen.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, propón que:

- O concello de Vigo leve a cabo o arranxo do patio da EIM Mestres Goldar para acondicionalo e evitar os perigos que supón a situación actual.

A Presidenta comenta que o patio ten unha zona de caucho e que aínda que non lle deu

tempo a visitar a escola, si que sabe polos técnicos do servizo de educación que está deteriorada e hai que arranxalo. Outra cousa, é que hai unha petición por parte dos pais, de que se amplíe unha zona de xogo onde están os paneis solares, pero o certo é que non se pode porque non está contemplado como zona de xogos. Pero o cacho si que se vai a recuperar.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a necesidade de arranxo do patio da EIM Mestres Goldar.

5.6.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o transporte escolar no IES Coruxo

ANTECEDENTES

En Vigo levamos anos arrastrando unha problemática nas prazas de educación secundaria non obrigatoria pola obsoleta zonificación escolar e pola falta de infraestruturas, o que provoca que haxa centros masificados e o alumnado se teña que desprazar para continuar a súa formación.

Como xa é coñecido, no barrio de Navia de Vigo prodúcese unha situación moi complexa co alumnado de Bacharelato do Instituto IES Coruxo, situación que, lonxe de resolverse, estase a converter nunha preocupación constante para as familias, tal e como se reflicte nas moitísimas demandas que chegan ó Instituto sobre esta cuestión.

O barrio de Navia é un barrio en crecemento do Concello de Vigo que actualmente ten máis de 10.000 habitantes sendo o seu principal vial, a rúa Teixugueiras, unha das zonas con maior densidade de Galicia e cunha poboación bastante nova que, como se sabe, non ten Institutos de Educación Secundaria próximos. Actualmente o alumnado de Bacharelato da zona ten que acudir ós Institutos de Coia ou Praza de América (sen apenas prazas dispoñibles), ó Instituto de Valadares (a 10 km) e ó Instituto de Coruxo a 4 km de Navia.

O alumnado de Bacharelato non ten actualmente ningunha alternativa viable para acceder ó noso Instituto. Por ser alumnado de Bacharelato non ten dereito a transporte escolar e os accesos, tanto por transporte urbano como interurbano, son practicamente inexistentes. As familias ven con desesperación esta situación.

Cerca de 40 alumnos e alumnas de Bacharelato ven con moitas dificultades chegar ó Instituto, tras estar as súas crianzas escolarizadas no centro durante os anos anteriores na etapa de secundaria.

Na reunión mantida coas familias recentemente (na que acudiron masivamente e moi preocupadas por este tema) púxose en común e de forma unánime unha solución temporal que consistiría en que algunha ou algunhas das liñas de Vitrasa adaptasen lixeiramente e de forma puntual (curso escolar) a súa ruta, tendo que modificarse tan só as frecuencias que corresponden ós horarios escolares do Instituto.

Esta problemática repítese noutros centros de Ensino secundario e de Formación Profesional da cidade.

TEXTO:

Polo exposto FOANPAS, propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se inste á Consellería de Educación, Cultura e Universidade a plantexarse a curto ou medio prazo unha solución á problemática do transporte escolar en ensino postobrigatorio.
- Que se inste á Consellería de Educación, Cultura e Universidade que, mentres non se atope unha solución, dea alternativas a esta problemática reforzando o transporte escolar existente para que poida ter cabida o alumnado do ensino non obrigatorio.
- Que se solicite ó Concello de Vigo a que insta a Vitrasa a realizar unha modificación de horarios ou nas rutas, que axude a solventar este problema do alumnado do ensino postobrigatorio tanto no IES de Coruxo como doutros centros da cidade coa mesma ou parecida problemática.

Joel Covelo comenta que este foi o tema estrela da reunión co alumnado. Son moitos os alumnos de bacharelato e FP que teñen problemas para chegar aos centros educativos. En moitos casos os horarios dos Vitrasas non coinciden nada cos horarios de entrada e saída dos centros e isto fai que non se poida chegar a clase a tempo. Logo están casos coma o do IES de Coruxo que xa nin teñen posibilidade de ir en Vitrasa, porque non chegan ata alí os autobuses e só con ampliar unha das liñas próximas un par de paradas daríalles servizo a estes estudantes, ás súas familias e aos docentes. O que se pide é que o Concello intermedie con Vitrasa para que isto se solucione. Bertila Fernández puntualiza que se se quere ter un ensino inclusivo e de calidade, que non deixe alumnado destas etapas educativas atrás, a Consellería de Educación debería de ir pensando en darlle tódolos servizos a estes alumnos matriculados nos centros públicos. Non ten ningún sentido quitarlles o dereito aos servizos complementarios ao chegar a bacharelato, porque son imprescindibles para que este alumnado poida seguir os estudos. Ademais diso, si que se lle pide a Vitrasa e ao Concello que traten de buscar unha solución, xa que a Consellería non se fai cargo deste alumnado. Pilar Álvarez di que no caso do IES de Coruxo o alumnado de BACH está faltando

moitísimo, e iso causa un prexuício para eles e logo para os compañeiros, xa que cando van fan que se ralentice o ritmo da clase, porque claramente teñen dúbidas das horas ás que non asistiron. As familias teñen que organizarse e moitos dos alumnos chegan en taxis compartidos, porque os seus pais non os poden levar nese horario ao centro e non teñen outra alternativa. Nunha cidade como Vigo, que é grande, debería estar cuberto o servizo de transporte público a Centros educativos, hospitais,... Isabel Lorenzo comenta que é moi triste que haxa nenos da ESO que van no autobús escolar e que seus irmáns que están en bacharelato non teñan posibilidade de usar este servizo, e se teñen que buscarse a vida. Se queremos evitar o absentismo escolar non é normal que non se dea solución desde a Consellería de Educación a este problema. Antonio Vázquez cree que este problema debe ser solucionado en primeira instancia pola Consellería de Educación e que non é só un problema de Vigo, é un problema de Redondela, de A Guarda, de moitas vilas. Di que na moción se plantexan casos distintos. Non é o mesmo o problema dos alumnos do Meixoeiro que o dos de Coruxo. O problema do IES de Coruxo xa non existiría se se tivera feito o IES de Navia. Cando os alumnos de Navia se adscriben ao IES de Valadares e alí teñen sitio, non hai este problema, porque aos de Valadares se lles ofreceu transporte desde Navia para bacharelato. O problema xorde cando en Valadares non hai sitio e teñen que ir ao IES de Coruxo, porque a eses non lles ofreceron o mesmo que a Valadares, transporte gratuíto para alumnado de bacharelato. E logo hai un problema moito máis grave, que foi do que máis se falou na xuntanza do alumnado, o tema da FP. Este non se soluciona con Vitrassa, porque hai alumnos doutros Concellos que queren vir facer FP a Vigo e non teñen como vir. Por exemplo hai un número moi elevado de alumnos cursando informática en Teis que non son de Vigo, porque a única opción que existe para cursar Ciclos de informática en Centros públicos da área, é nos Concellos de A Guarda, As Neves, e aquí en Teis. Un alumno de Salvaterra que queira cursar informática ten que desprazarse desde a súa casa. E en FP se non se compren un número de horas presenciais, non lle deixan titular. Explica que quen lle propuxo o punto 1 do texto desta moción a Foanpas foi el, porque está convencido de que a Consellería debería buscar unha solución a esta problemática, un sistema de bolsas ao alumnado. E recalca que tamén estivo de acordo en propoñer que na moción se solicitara que Vitrassa dera unha solución, pero o transporte cidadán nunca vai poder resolver unha problemática que é do transporte escolar. É un problema educativo. Si poden resolver o tema do Meixoeiro, porque é un tema de frecuencias. Agora, o tema de modificación de liñas non é tan fácil. Pilar Álvarez di que eles están falando de alumnado que ía a centros que estaban adscritos xa desde inicio ao IES de Coruxo, que non teñen que ver co tema do IES de Navia, de centros coma o CEIP Párroco don Camilo ou o CEIP Carrasqueira. Non é alumnado que teña que ir a Valadares, é alumnado que ten que ir a Coruxo. De feito no IES de Coruxo hai menos alumnado do que se quixera porque non teñen maneira de desprazarse a ese centro, e van a outros institutos que están máis no centro de Vigo porque teñen posibilidade de transporte. E xa con respecto ao IES de Navia, di que só vai comentar que coa baixada de alumnado que hai nos centros a día de hoxe, cree que se se monta un IES en Navia, vai a haber que pechar algún outro instituto. Antonio Vázquez incide en que se ao

alumnado de Navia, que foi desprazado por orde da Consellería ao IES de Valladares, se lle garante o transporte escolar en Bacharelato, porque ao alumnado de Navia que vai ao IES Coruxo non se lle garante, iso é trato discriminatorio, non teñen os mesmos dereitos?. Antonio Estévez di que non é o mesmo caso. Antonio Vázquez replica que claramente non é o mesmo porque un foi forzado por unha decisión política e o outro non. Óscar Gallego cree que para Antonio Vázquez só ten que solucionar as cousas a Xunta pero cando se lle pide algo ao Concello de Vigo ou a Vitrasa que aí non incide tanto. Di que el non ve tanto problema en que Vitrasa faga modificacións das frecuencias ou nunha liña, e lembra que Vitrasa é unha concesionaria que se paga entre tódolos veciños e veciñas. Olga Alonso di que si, que é unha concesionaria pero de transporte urbano, non escolar. Antonio Vázquez reitera que non se pode tratar de xeito diferente ao alumnado de Navia porque vaia a un centro ou a outro, que se lle está dando un trato discriminatorio. Pilar Álvarez di que niso están de acordo, que ten razón, e de feito, explica que o primeiro lugar ao que acudiron foi á Xefatura Territorial e aí xa se nos dixo que non. Pero por iso xa se acude ao Concello pero non só porque é fundamental que Vitrasa chegue ata o centro polo alumnado, tamén teñen que garantir ese servizo para as familias. É un transporte público cidadán pero hai cidadáns que se teñen que ir falar ao centro cun titor ou a buscar un fillo que se encontrou mal teñen que facelo en taxi se non teñen coche. E iso non é garantir o transporte público a toda a cidadanía. Antonio Vázquez di que neste punto está de acordo que a rede de transporte público ten que dar servizo a toda a cidadanía, o que está a dicir é que todo o alumnado de Vigo que curse bacharelato ten que ter as mesmas condicións. O problema de sempre é a falta dun mapa escolar de Vigo en condicións. As modificacións de adscricións que se levan feito nos últimos anos non levan parello unha modificación no transporte escolar, que segue sendo o mesmo que fai máis de 10 anos. Que Vitrasa ten que facer un esforzo é lóxico, pero non é a solución. E logo está o problema do alumnado de FP, que ven desde outros Concellos, que como xa dixo antes, a única solución que ten é un sistema de bolsas. Antonio Estévez comenta que non cree que un sistema de bolsas solucione o problema, xa que o problema de transporte non vai deixar de existir porque teñan unha bolsa. Antonio Vázquez comenta que entón o que deben é facer os centros residenciais Docentes máis grandes, con máis prazas. É que senón hai alumnado do rural que nunca poderá matricularse en determinados ciclos porque non se lle deixa. Antonio Estévez comenta que abrir a gratuidade ou a obrigatoriedade do transporte a ensino non obrigatorio sería abrir un melón moi grande, ogallá se puidera facer pero é moi complexo. A FP por exemplo xa sería imposible, porque o alumnado non vai ao centro que está ao lado, o alumnado vai a buscar un ciclo concreto, e a un centro de FP chegan alumnos de moitas partes, e non se pode ter ciclos en tódolos sitios nin ter centros residenciais en todas partes. A solución non é fácil, e non se soluciona con bolsas. En canto ao que se dixo do IES Valadares, ese caso non ten nada que ver co do IES de Coruxo. O de Valadares estaba adscrito a uns centros que non tiñan que usar transporte. Como non había capacidade nese centro, ao alumnado houbo que desprazalo a outro centro que non lle correspondía e é por iso polo que se lle garante este transporte, porque se lle cambiaron as condicións no medio da partida. O que non podemos

é aproveitar esa circunstancia como argumento para dicir que hai que xeneralizalo a tódolos centros, porque non se pode, é inviable. Antonio Vázquez comenta que se un é cidadán de Navia e quere ir a estudar ao IES de Valadares non se lle permite porque agora está cheo, e obrígaselle a ir ao IES de Coruxo, a onde non hai transporte, iso é inxusticia social. Joel Covelo comenta que se poden pasar o día a debater, e el está de acordo con que a Consellería ten que buscar unha solución pero lamentablemente está sempre vai ser a longo prazo. Agora o que precisa este alumnado é unha solución xa, polo que reitera que a única vía viable de xeito inmediato pasa porque Vitrasa faga as modificacións que se piden. Tamén quere separar as circunstancias do alumnado de bacharelato e de FP, que se agrava co tema de que teñen que asistir á clase para poder titular. Non poden permitirse non ir como pode facer algún de bacharelato. Di que antes se comentaba que o alumnado de fóra, coma o de Salvaterra, teno máis complicado, porque non pode asistir aos centros de Vigo. Pero o que eles denuncian aquí é que os alumnos de FP de Vigo, que poderían acudir aos centros en Vitrasa, non teñen a posibilidade de facelo porque Vitrasa dá un servizo deficitario. Se non se é capaz de solucionar que os propios alumnos de Vigo acudan aos centros dentro da propia cidade, como van solucionar os doutros Concellos. Pídelle aos compañeiros que se vaia por partes. Solucionar primeiro as cousas que lle afectan á cidade de Vigo e despois buscar solucións para o alumnado dos Concellos limítrofes que tamén as necesitan. Santiago Rodríguez comenta que en todo caso sexa ou non ensino obrigatorio a responsable do transporte escolar é a Consellería. No caso de bacharelato é un problema de recursos e vontade. Na universidade hai por exemplo un convenio entre Vitrasa, Concello e Universidade e iso podería facerse algo similar con quen faga falla para solventar este problema. É cuestión de vontade. É cuestión de por recursos e vontade política. Santiago continúa dicindo que en todo caso a mobilidade dentro do Concello de Vigo correspóndelle ao Concello, e igual que ás veces fai actuacións en educación sen ter a competencia, neste caso, que non ten a competencia no transporte escolar, tamén podería tratar de dar solución e garantir que o transporte conecte toda a cidade, os centros de saúde, hospitais, centros educativos, zonas rurais,... Antonio Vázquez recalca que cando un alumno se matricula nun centro este é da Consellería de Educación, e o Estatuto de Autonomía deixa moi claro que as competencias de educación é competencia da Xunta de Galicia. Para rematar di que el está seguro de que isto acabará de solucionarse nun par de anos cando se decida por bacharelato como ensino obrigatorio. Olga Alonso agradécelle a todos o debate, que sempre é enriquecedor. Ela quere por en manifesto que xa lle comentou ao alumnado na xuntanza, que eles ían por todo da súa parte para que Vitrasa dera solución a estas problemáticas, e tamén lles comentou que probablemente este non era o mellor momento para falar debido aos conflitos nas negociacións existentes. Sen entrar en polémicas, Vitrasa é un servizo de transporte urbano cidadán, non é transporte escolar. Pero si é certo que desde o Concello, ápoden solicitar a concesionaria que dea servizo a determinados ámbitos que considera imprescindible. Pero tamén é certo que o Concello pode solicitar pero a empresa que ten a concesión é unha empresa privada que é autónoma. Ademais é difícil entender que Vitrasa non cambie certas frecuencias que poderían garantirlle máis usuarios. E en canto ao IES de

Coruxo, pensa que a petición a Vitrasa ten que ir máis alá que o transporte escolar, o que teñen que saber é que hai usuarios, toda a comunidade educativa, que non ten forma de acceder a unha parte da cidade. Por último quere por de manifesto que non é lóxico que cando un alumnos chega a 1º de BACH se quede colgado só porque sexa ensino non obrigatorio. Desde a Xunta ofértanlle un desprazamento escolar ata 4º da ESO e chegan a 1º de BACH e quedan sen prazas, o cal carece de sentido. E outra cousa que non ten sentido é que se cando nun autobús escolar se lle está deixando subir a usuarios adultos, non entende porque en determinados centros non se lle dá a posibilidade de ir ao alumnado de BACH cando hai prazas no autobús. Joel Covelo di que nalgúns institutos cando hai vacantes si se cobren con alumnado de BACH, pagan unha cota e pode facer uso do servizo. Olga Alonso comenta que sen pagar se lle di que poden subir pero o seguro se pasa algo non os cubre. Hai unha demanda e polo feito de que cumpran un ano máis non poden perder este dereito.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o transporte escolar no IES Coruxo.

5.7.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a calefacción do IES Alexandre Bóveda.

ANTECEDENTES:

O benestar das persoas é fundamental para poder levar a cabo o seu traballo e para poder aprender. Isto supón que os centros educativos teñan as condicións necesarias para que o benestar do alumnado e do profesorado sexan óptimas para poder aprender e traballar.

Isto engloba a temperatura dos edificios. No inverno é importante que os centros teñan un sistema de calefacción para que a temperatura sexa a óptima para desenvolver o proceso de ensino – aprendizaxe.

No IES Alexandre Bóveda teñen unha caldeira posta en 1983 que xa tivo varias avarías e arranxos. O seu funcionamento é moi deficiente xa que ten unha parte inutilizada e non alcanza para todo o centro. Ademais, resulta pouco segura, co risco que isto supón para toda a comunidade educativa.

Dende Xefatura Territorial de educación trasladaron que no mes de xuño deste ano ían sacala a licitación, algo que non ocorreu. Ante a presión feita pola comunidade educativa do centro, trasladaron que sairá no mes de decembro, pero que, polo momento, o centro pague o arranxo que precisa.

Isto é un sobrecusto para o centro, ademais dun mal gasto, si se vai cambiar para que arranxala agora?

A Consellería de Educación ten á comunidade educativa do IES Alexandre Bóveda abandonada, dando e recibindo clase cos abrigos postos, sobre todo, as que se dan de tarde, xa que se imparte docencia da Escola Oficial de Idiomas.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS propón que se adopten os seguintes acordos:

- Que se lle exixa á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia o cambio da caldeira do IES Alexandre Bóveda.
- Que se lle exixa á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia que cumpra a súa obriga de velar polo benestar de todas as persoas que forman parte da comunidade educativa dos centros de ensino de Galicia poñendo todos os recursos que sexan necesarios para iso.

Óscar Gallego comenta que polo que lle dixeron na Xunta, que xa se arranxou a caldeira vella e que xa está comprada unha nova de Biomasa que se instalará nos próximos meses. En todo caso os presentes que deciden votar e manter a moción xa que aínda non está instalada a nova caldeira.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a calefacción do IES Alexandre Bóveda.

5.8.-Moción de Pedro Xosé Castañón, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a falta de conserxes.

ANTECEDENTES

25 centros públicos da nosa cidade levan sufrindo a deficiencia no persoal de conserxaría (tecnicamente *oficiais de mantemento*) dende fai varios cursos. Nos últimos anos o servizo foise cubrindo de varias maneiras e, dende FOANPAS, levamos varios cursos denunciando as súas deficiencias.

A mediados do pasado curso (22/23) o Concello de Vigo contratou a 14 persoas a xornada completa polo que moitas delas deben repartir o seu tempo entre dous centros. Esta era unha solución temporal xa que coa convocatoria das bolsas de traballo, o novo persoal sería contratado unicamente por 6 meses... reiterando deste xeito a situación antes exposta e que se prolonga no tempo.

Unha vez rematado o proceso selectivo atopamos que non se realizou o chamamento e as persoas que o superaron están en lista, pero sen traballar e, polo tanto, os centros educativos desatendidos.

A devandita situación provoca a deficiente ou nula atención das tarefas cotiás que desenvolven estes e estas oficiais:

- Apertura e peche dos centros. É a primeira persoa que chega ao centro e prepara o mesmo para o comezo da actividade (abre portas e persianas, acende luces e calefacción) e tamén a encargada de abrir a entrada durante a xornada matutina. Coa súa carencia quen realiza estas labores é o equipo directivo e o persoal docente desatendendo as clases.
- Labores de control de acceso ó centro, polo que a súa falta incide negativamente na seguridade das escolas (especialmente no alumnado de máis curta idade e o alumnado NEAE).
- Traballos de mantemento e pequenos arranxos. Tendo en conta que a maioría dos edificios teñen unha antigüidade considerábel este mantemento é fundamental para a conservación das instalacións.
- Limpeza e mantemento de zonas exteriores (corta de herba, retirada de follas, etc.) polo que os nosos patios tamén están descoidados.

TEXTO:

Polo tanto dende **FOANPAS**, e co gallo de non prolongar un escenario que vai en detrimento das horas pedagóxicas, instamos ao Concello de Vigo a proporcionar unha solución definitiva que remate coa situación de precariedade que se está a vivir nos centros educativos neste intre.

Pilar Álvarez cometa que os directores están moi desgustados con este tema. Di que agora souberon pola prensa que se vai a externalizar o servizo, que non teñen máis información, pero non queda nada claro cales son as funcións que vai ter o persoal que se contrate. Comenta que saben que vai a haber unha empresa que se encargue dos arranxos pero non vai a haber unha figura de porteiro vixiante no centro de 8:00h a 15:00h. Di que pensan que este novo sistema non vai solucionarlle nada aos centros e que os directores seguirán abrindo e pechando portas, recollendo as follas, arranxando billas,... E ademais os porteiros que aínda quedan, como é o do seu centro, téñenlle pavor a isto, xa que pensan que os van a converter a eles en persoal externo e traelos de aquí para alá.

Olga Alonso contesta que non é correcto o que se dixo que os directores so teñen información pola prensa, xa que ela mesma asistiu a dúas xuntanzas cos directores e que está disposta a reunirse as veces que se precise con eles, e así llo fixo saber. É consciente de que nese día houbo unha xuntanza de directores pero ela non foi convidada, que se houbera sido convocada, houbera ido sen problema. Di que non ten ningún problema en asistir, nin está ocultando nada. Comenta por outra banda que o Concello non ten a figura de porteiros vixiantes, antes si os había, e incluso algúns que tiñan vivenda dentro. Pero o Concello o

que ten que ter é oficiais de instalacións municipais. O Concello ten competencia en reparación, mantemento e vixilancia nos centros educativos públicos de EI e Ed. Primaria. En canto ao que se pide de que este persoal abra e peche o centro, esa non é competencia do Concello, aínda que eles tratarán de que se siga facendo. E é verdade que na actualidade os centros non están atendidos como teñen que estar, porque cando algúns deses oficiais se foron xubilando, non era fácil cubrir esas prazas, había limitacións para contratar persoal, e foise tirando con contratos de 6 meses. Na última xuntanza de directores á que asistiu, dixo que non tiña a solución correcta pero tiña algún parche para ir atendendo ao traballo mentres non se chegaba a esa solución correcta. Explica que o que se está facendo agora, para que teña a maior estabilidade posible e facer un contrato cunha empresa que dea o servizo axeitado. O que queren é que nese contrato se inclúa que a empresa adxudicataria faga unha revisión de tódolos centros, do estado no que estes se encontran, para establecer un plan e, pouco a pouco, ir dando solución a todos os problemas que poida haber. E os problemas que se detecten que non sexan competencia do Concello, daráselle traslado á Consellería. Mentres este contrato non se adxudica, para poder ir dando solución a problemas inmediatos que xorden, teñen un “parche”. Neste momento teñan 2 expedientes que van ir esa semana á Xunta de Goberno Local. Cun destes expedientes contratarán 6 oficiais, que terán un contrato de 9 meses, e estarán compartidos entre dous centros. No outro expediente contratarán a 2 persoas máis que non teñen un contrato de duración determinada porque van cubrir baixas de longa duración, co cal entrarán a facer o horario no centro onde estaba a persoa á que substitúen. Explica que este persoal saíu dunha bolsa de emprego que se fixo no Concello, un proceso selectivo bastante complexo, no que os aspirantes tiveron que pasar tres exames, o cal lle parece excesivo. Logo, os coles que quedan sen cubrir intentarán cubrilos cun expediente de gasto menor. Todo isto está claro que é un parche, pero entenden que é algo que teñen que facer ata que saia o concurso e se estableza o tema. En cando ao que dicía Pilar Álvarez sobre o medo que teñen os porteiros vixiantes que están contratados a que se lle quite o seu posto, non deben ter ningún medo. É máis, explica que dentro da RPT teñen postos vacantes e a súa intención é solicitar que se cubran. Patricia Pereira pregunta que van facer coas baixas de 4 meses. Olga Alonso comenta que están pedindo que se cubran as baixas de máis de 3 meses. Patricia pregunta canto se tarda desde que se piden ata que se substitúe. O Secretario explica que eles intentan que sexa o máis áxil posible pero son expedientes que teñen que ir a intervención, á Xunta de Goberno Local,... e convertese nun proceso máis longo do desexado. A Presidenta comenta que estas persoas que se van contratar agora se van a asignar primeiro aos centros teñen máis alumnado ou máis terreo, o que fai se teñan máis necesidade. Di que ela entende que todo isto é un parche, pero que están facendo o posible por atender aos centros. Enrique Alonso preséntase dicindo que é membro do Comité de Empresa do Concello. Primeiramente recalca o xa dito pola Presidenta, que non é competencia do Concello poñer ordenanzas e porteiros nos Centros Educativos, iso é responsable doutra administración. O Concello ten que facer o mantemento, e non pasa nada se nun momento dado algún dos oficiais que estaba nos centros fixo funcións máis propias dos porteiros por colaborar co centro, pero esas non son as súas funcións. O persoal do Concello ten que facer só tarefas de mantemento. Pilar Álvarez comenta que tamén teñen que facer tarefas de vixilancia. A Presidenta contesta que a vixilancia que ten que facer o Concello é en horario non lectivo e que esta labor se fai a través dun contrato de alarma e do sistema de acuda de vixilancia. Pilar Álvarez di que non se refería a ese tipo de vixilancia, senón á vixilancia de que todo funcione correctamente, ao que a Presidenta contesta que iso é o mantemento das

instalacións. Juan Ramón Castro comenta que aínda se ten na cabeza esa figura que había antes de porteiro, que facía de todo, e que por iso é tan complicado entender que agora non se encarguen daquelas funcións que asumían os conserxes, pero o certo é que os tempos cambiaron. Enrique Alonso retoma a palabra para dicir que aínda que non era competencia dos oficiais facer todo iso que facían antes os conserxes, os oficiais municipais colaboraban coas direccións pero a tarefa deles é o mantemento. Comenta que lle alegra saber que se van contratar a esas 8 persoas e pensa que é a primeira vez na historia do Concello de Vigo que se cobren baixas, porque nunca se cobren. Di que lle sorprende que o Concello cubra baixas e que é máis, a última explicación que lle deron a el en Recursos Humanos é que non se cobren baixas porque a xente non quere vir traballar ao Concello de Vigo. Olga Alonso di que ela entende que se te chaman para facer unha substitución de 15 días igual non che interesa, e non é porque sexa no Concello de Vigo. Enrique Alonso di que nin entende que non se cubran as baixas nin o defende. Di que tampouco entende o proceso que hai neste Concello para contratar a unha persoa, mentres noutras administracións poden ás 7:00h da mañá chamar a unha persoa para que se incorpore ás 10:00h, o Concello ten un sistema que necesita 2 meses para contratar a unha persoa. Non entende porque ten que haber tanta burocracia. Quere deixar constancia ademais de que os Xefes do comité xa deixaron constancia de que se opoñen a esa externalización do servizo da que falou Olga. Di que si hai medios para contratar xente desde o Concello, o Concello non chega ao 8% da taxa de interinidade polo que teñen marxe de sobra para contratar ás persoas que se presentaron ao proceso selectivo para crear a bolsa de emprego, que xa aproveita para dicir que é escandaloso que se faga unha proba con 3 exames para facer esa bolsa. Di que a taxa de interinidade permitiría contratar a un 80 interinos e hai contratados uns 40 interinos. Por todo iso opóñense totalmente á externalización do servizo. Pensa que é cousa de vontade política. Di que lle consta que nin a Pedro nin a Olga lle gusta que isto pase, e por moito que teñan boa vontade, a tendencia é ir externalizando. Olga Alonso di que ela non discute que lle guste ou non o contrato, pero o certo é que a situación tal e como estaba non ten sentido. Antonio Vázquez di que quere destacar a intervención de Enrique Alonso porque explicou moi ben cales son as competencias de cada un, e é moi importante ter claro cales son as competencias en educación. Bertila Fernández quere facer constar o carácter emocional do traballo que desenvolveron todos eses conserxes ao longo do tempo

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a falta de conserxes.

5.9.-Moción Pilar Álvarez Rey, Conselleira polo sector social, representante de directores/as de Ed. Primaria, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as bolsas de comedor dos comedores xestionados polas ANPAS.

ANTECEDENTES

Os centros educativos, UN ANO MÁIS, reciben máis tarde a resolución das becas de comedor xestionadas polas ANPAS.

As ANPAS ou as familias vense obrigados a adiantar os pagos de comedor, aínda que

despois se lles devolva. Isto provoca que moitas familias non poidan facer fronte a este gasto, ou ben non asistan ao comedor ata que se resolva a adxudicación das becas.

TEXTO

Polo exposto, proponse:

Que se adiante a publicación das becas para que se poidan resolver antes e así as familias non teñan que adiantar estes cartos ou verse obrigadas a prescindir do servizo de comedor ata a tardía resolución.

Olga Alonso di que preguntou acerca deste tema á traballadora social e que lle dixo que contan con publicar a semana a seguir a lista provisional de adxudicatarios da bolsa.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre as bolsas de comedor dos comedores xestionados polas ANPAS.

5.10.-Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dun mapa escolar galego.

Antonio Vázquez presenta a moción:

ANTECEDENTES

Nos últimos tres anos este CEMV ven demandando una análise da situación do Sistema Educativo na postpandemia. Consideramos que en Galicia existen equipas que poderían realizar este traballo con profesionalidade e con éxito. E estamos convencidas e convencidos de que unha boa diagnose da situación dos nosos centros facilitaría a realización dunha programación rigorosa das necesidades que curso a curso se van presentando.

No inicio deste curso volvéronse a producir situacións que xa non son novas e que, nalgúns casos, aparecen ampliadas. Así poderíamos citar:

- Problemas co Transporte escolar e falta de adecuación dos horarios de Vitrasa cos horarios das aulas de centros e ensinanza postobligatoria.
- Ratios inasumibles que ralentizan una mellora da calidade educativa.
- Persistencia dunha xornada docente do profesorado que vén sendo denunciada de xeito reiterado dende o ano 2012.
- Aumento da demanda en Infantil, malia o descenso da natalidade e a baixada demográfica.

- Aumento da demanda nun 20% dos Comedores escolares en Vigo.
- Existencia de familias con problemas máis ou menos graves para mercar os libros de texto, coa negativa a recuperar a “gratuidade universal de libros texto”, mentres se conceden axudas xerais para practicar actividades deportivas.
- Falta de profesorado para o alumnado con NEAE, mentres non saibamos con certa certeza a incidencia das “aulas combinadas”.
- Seguimos a botar en falta un Plan de prevención de suicidios, diante do seu aumento.
- Existencia de dúbidas sobre o papel real da figura do Coordinador de benestar e convivencia, mentres a violencia nas aulas non da signos de descenso.
- A atención á diversidade como materia pendente do noso sistema educativo.
- Problemática da insuficiente oferta da FP.

TEXTO:

Por todo isto, o Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) considera urxente que a Consellaría de Educación inicie un proceso de análise e debate que remate coa aprobación dun novo Mapa Escolar Galego que aborde as necesidades de escolarización de tódalas etapas educativas, incluída a Educación de Adultos, con novas zonificacións, con especial incidencia no caso de Vigo.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a necesidade dun mapa escolar galego.

4.11.-Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o IES de Navia.

ANTECEDENTES:

O día 17 de outubro do ano 2022 a prensa local recollía unhas declaracións realizadas polo Conselleiro de Cultura, Educación, F.P. e Universidades nas que comprometía a construción do novo I.E.S. de Navia, que consideraba una infraestrutura “esencial, estratéxica e necesaria” (cita textual). Comprometía a inclusión de 200.000 € nos orzamentos do ano 2023. Asemade, engadía que se consignaban 7 millóns de euros nos orzamentos da Xunta do 2024 e outros 7 millóns no do 2025.

Facía tamén una descrición do que será (sic) o centro: 8.200 metros cadrados nunha parcela de 12.576; capacidade para 700 alumnos distribuídos en 20 aulas, 16 para ESO e 4 para Bacharelato. Ademais de aulas de “música, tecnoloxía, plástica e debuxo, así coma laboratorios, aulas multifuncionais, biblioteca, ximnasio, vestiarios e aseos.

En definitiva una boa declaración de intencións.

Pois ben, á volta dun ano, o pasado 21 de outubro para ser exactos, a prensa local volve a recoller nesta ocasión unha comparecencia de responsables políticos do partido que ocupa a Xunta de Galicia, e comunican que nos orzamentos para o ano 2024 vanse consignar

362.087 € para o “novo I.E.S. de Navia”. Non se engade ningunha información polo que, é de supoñer, que dita cantidade se pensa dedicar, unha vez máis, a elaborar o proxecto técnico do futuro instituto. Xa non se fala do total de 14 millóns en dúas anualidades, nin se informa de que haxa cantidade algunha para iniciar a construción do centro no ano 2024. En definitiva o alumnado de ESO e de Bacharelato de Navia terá que seguir cursando os seus estudos durante o curso 23-24 e, posiblemente, o 24-25, como mínimo, desprazándose a Valadares ou a outros centros de Vigo, no caso de que a demanda supera á oferta.

TEXTO:

Diante deste novo retraso dunha infraestrutura “esencial, estratéxica e necesaria”, como ben dicía o Conselleiro hai un ano, o CEMV require da Consellería de Cultura, Educación, F.P. e Universidades o que segue:

- 1.-Que, sen máis dilacións, se execute a construción do novo I.E.S. longamente demandado pola comunidade educativa de Vigo e especialmente pola veciñanza de Navia.
 - 2.-Que se amplíe o proxectado para o futuro centro con aulas e talleres que permitan incluír no IES estudos de F.P., dada a necesidade de prazas educativas que a cidade ten no referido nivel educativo
-

A Presidenta explica que despois de moito tempo de espera ao fin chegou o convenio asinado pola Consellería de Educación e que por fin parece que se comezan a dar os pasos precisos para construír o IES de Navia. Di que ao final o Concello non tiña adxudicada a parcela, era da Xunta de Galicia e non estaba traspasada ao Concello. Antonio Vázquez recalca que o proxecto en todo caso non está feito, di que o documento di que se vai licitar a obra a finais do ano 2024, para construír no 2025.

Sendo as 21:00h o Pleno ten que suspenderse porque se cerra o espazo onde se está celebrando a sesión. Acórdase que as dúas mocións que non se debateron se volvan a presentar no seguinte Pleno en caso de considerarse necesario.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Mª Olga Alonso Suárez